

FAKTORÍA K PRESENTA UN ADIANTO DE "A CONTA ATRÁS" NO SALÓN DO CÓMIC 'VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO'

"A conta atrás" é a nova obra de FAKTORÍA K na súa colección de banda deseñada, unha novela gráfica para adultos baseada na catástrofe do Prestige. Os seus autores, o guionista Carlos Portela e o ilustrador Sergi San Julián, presentaron un adianto do álbum no X Salón do Cómic 'Viñetas desde o Atlántico', que se celebra en A Coruña.

A acción sitúase un ano despois do afundimento do petroleiro, que causou a maior marea negra dos últimos tempos. Conta como políticos e xornalistas poñen en marcha unha campaña propagandística para anunciar a limpeza das praias e a recuperación do sector pesqueiro cando, en realidade, trátase dun exercicio de manipulación informativa.

A modo de viaxe no tempo, a historia plantéxase en sentido inverso, desde o presente máis actual cara ao pasado. Á orixinalidade do guiión, pola utilización do 'flash-back' como modo narrativo, engádesa a calidade artística das ilustracións, que destacan pola súa expresividade e detallismo, cun marcado estilo cinematográfico.

O cómic, que terá unha segunda parte, contén un prólogo do escritor Manuel Rivas, un dos personaxes máis comprometidos no movemento social que criticou a xestión do desastre ecolóxico. Tamén inclúe unha entrevista ao guionista e ao ilustrador do libro, realizada polo xornalista especializado Álvaro Pons.

Carlos Portela é analista de banda deseñada desde os anos 80, impulsou a creación de varios fanzines e colabora con diversas editoriais francobelgas. Traballou noutros proxectos con Sergi San Julián, quen dende hai anos está vencellado ao mercado francés.

Nesta edición de 'Viñetas desde o Atlántico', FAKTORÍA K presenta outra novidade dirixida ao público infantil. Trátase de "Las trece en punto", o primeiro álbum ilustrado do debuxante James Stimson, coñecido polo seu traballo como deseñador dos personaxes da película de animación "James y el melocotón gigante".

FAKTORIA
K
DE LIBROS



Portada e páxina interior de "A conta atrás"